


Sinsal

Primavera



festival.sins.al

Abril-Maio 2024
VIGO | SALA RADAR | MARCO

Deafkids abren este venres 5 na sala Radar a nova edición do Sinsal Primavera

Os brasileiros estrearanse en Galicia no evento organizado por Sinsalaudio, que comezará ás 21.30 horas e cuxas entradas están á venda en www.enterticket.es



Vigo, 3 de abril 2024.- Este venres, 5 de abril, comeza o **Sinsal Primavera 2024**, o evento especializado en música de vangarda que a promotora viguesa Sinsalaudio, responsable do festival Sinsal SON Estrella Galicia, promove na súa cidade. A cita, que conta coa colaboración principal do Concello de Vigo, procura visualizar proxectos musicais de vangarda dunha ampla variedade estilística e que cuxa inclusión no circuito habitual da programación das salas de concertos é infrecuente.

Deafkids será a responsable de abrir o Sinsal Primavera, precisamente, nunha das principais salas de música ao vivo da cidade viguesa: Radar. A banda brasileira, cuxo estilo transita entre o rock, a psicodelia, o noise, o hardcore punk, o heavy metal, o jazz espiritual ou mesmo a música africana -todos os xéneros son benvidos para o grupo-, é unha das propostas máis interesantes da escena da música experimental do seu país, especialmente pola procura incesante de novas sonoridades e da “desprogramación sónica da mente”. O proxecto creativo liderado por Douglas Leal, xurdido na localidade industrial de Volta Redonda (Rio de Janeiro), chegará por vez primeira a Galicia para amosar o seu xeito de entender a experimentación musical, da que dan boa conta no seu último traballo discográfico, [Ritos do Colapso](#) (2023). O álbum parte do clima distópico xerado pola pandemia da Covid-19 para ampliar o seu universo sonoro, intentando xerar unha sorte de banda sonora de escenarios imaxinarios sobre ese momento histórico.

O concerto de Deafkids comezará ás 21.30 horas do venres 5, mais a apertura de portas terá lugar ás 21.00 horas. As entradas para o primeiro directo do Sinsal Primavera 2024 están á venda, desde 10 euros (máis gastos de xestión), na plataforma en liña www.enterticket.es.

Sinsal Primavera continuará no MARCO

Logo do concerto de apertura na Sala Radar, Sinsal Primavera trasladará a súa actividade ao **MARCO** (Museo de Arte Contemporánea de Vigo). Alí continuará o **19 de abril** coa actuación, en acústico, da estadounidense **Kristin Hersh**, unha das voces máis representativas da escena underground norteamericana e que se atopa de xira por Europa; mentres que o xoves **9 de maio** será a quenda do saxofonista berlinés **Julius Gabriel**, músico que se mergulla nos límites e complexidades do instrumento desde a improvisación e as novas tecnoloxías.

SINSAL PRIMAVERA 2024

Data: Venres 5 de abril

Hora: 21.30h (apertura de portas ás 21.00 horas)

Lugar: Sala Radar

Evento: Concerto de Deafkids

Escoita Deafkids en [Bandcamp](#)

Escoita Deafkids en [Spotify](#)

Contacto de prensa: Lucía Pita | 675 404 321 prensa@sinsalaudio.org

Sala de prensa do Sinsal Primavera 2024: <https://festival.sins.al/gl/prensa>

COLABORADOR PRINCIPAL



ORGANIZA

SINSALAUDIO

COLABORAN



festival.sins.al